



ACTA NÚMERO 6 (sesión ordinaria nº 11) DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DE REALIZACIÓN DE RUTAS DE TRANSPORTE ESCOLAR A 424 CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (57 LOTES), LICITADO POR PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN URGENTE (EXPTE. 1A/2021/TE), publicado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (PcPG) o 26.5.2021 e no DOUE 2021/S 103-271424 o 31.5.2021

Lugar: sesión telemática a través de medios audiovisuais. Sistema WEBEX.

Data: 25 de agosto de 2021

Hora de comezo: 9.00 horas

Hora de remate: 9.30 horas

ASISTENTES

Don María Jesús López López (subdirectora xeral de Construcións e Equipamento da Secretaría Xeral Técnica), presidenta por suplencia

Don Augusto Rodríguez Jordá (interventor delegado da consellería), vogal

Dona Lorena Otero López (asesora xurídica da Área de Educación da consellería), vogal

Dona Manuela Suárez Rodríguez (xefa do Servizo de Contratación da Área de Cultura da Secretaría Xeral Técnica), secretaria

ORDE DO DÍA

Exame do informe técnico respecto das ofertas presentadas polos licitadores no sobre B nos lotes 26, 28, 35 e 36 para detectar ofertas que poidan incorrer en carácter anormalmente baixo ou desproporcionado, aplicando os parámetros establecidos na cláusula 9.1 do prego de cláusulas administrativas que rexe esta licitación.

DELIBERACIÓNS

Exame do informe técnico respecto das ofertas presentadas polos licitadores no sobre B nos lotes 26, 28, 35 e 36 para detectar ofertas que poidan incorrer en carácter anormalmente baixo ou desproporcionado, aplicando os parámetros establecidos na cláusula 9.1 do prego de cláusulas administrativas que rexe esta licitación.

Unha vez visto o informe e analizadas as ofertas admitidas nos lotes 26, 28, 35 e 36, os membros da Mesa de Contratación acordan aceptar e asumir como seus os resultados do informe emitido polo departamento responsable da xestión do transporte escolar da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Constátase que todas elas cumpren os requisitos mínimos requiridos nos pregos.

Así mesmo, constátase que as ofertas presentadas a estes lotes respectan as regras para a presentación das ofertas.

De acordo coas previsións recollidas na cláusula 9.1.1) dos pregos considerárase que poderán ter carácter de oferta anormalmente baixa as proposicións cunha porcentaxe de baixa que exceda nun 10%, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións presentadas.

Igualmente, no que non resulte de aplicación o PCAP, se terán en conta as previsións recollidas no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia ao licitador que a presentara para que, no prazo de 5 días hábiles, xustifique detalladamente o parámetro en base ao cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación da información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos. Concretamente, a Mesa de Contratación poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma.





De acordo co indicado e co informe do servizo técnico que se xunta a esta acta como **ANEXO I**, constátase que poden ter carácter anormalmente baixo ou desproporcionado as seguintes proposicións:

LOTE (número de lote)	CÓDIGO LOTE	LICITADOR
26	ED2701	AUTOCARES RODRIGUEZ DOMINGUEZ SL
		UTE LLANO TRANSPORTE ESCOLAR
28	ED1528	UTE LOTE28
		UTE LLANO TRANSPORTE ESCOLAR
36	ED2711	UTE LOTE 36

ACORDOS

Os membros da Mesa de Contratación acordan, por unanimidade:

Solicitarlle ao departamento responsable da xestión do transporte escolar que, de conformidade co disposto no artigo 149.4 da Lei 9/2017, do de novembro de contratos do sector público, requira aos licitadores indicados na anterior táboa para que presenten xustificación das ofertas presentadas aos lotes que se relacionan na mesma táboa.

Sen máis asuntos que tratar, unha vez acreditada a conformidade do contido da acta polos/as anteditos membros da Mesa de Contratación, a presidenta remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria, que é asinada logo da súa lectura e aprobación.

A secretaria

Visto e prace
A presidenta por suplencia

Manuela Suárez Rodríguez

María Jesús López López

